

RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2023, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia pola que se modifica a resolución do 28 de decembro de 2023, sobre convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas prazas de persoal laboral referenciadas no anexo do Decreto 79/2022, de 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria das prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia núm. 248, do 30 de decembro de 2022, publicouse a seguinte anuncio:

ANUNCIO do 29 de decembro de 2022 polo que se publicita a exposición das bases e a convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso.

Anúnciase a exposición das bases e a convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia e derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas prazas de persoal laboral referenciadas no anexo do Decreto 79/2022, do 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria das prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

As bases e a convocatoria están expostas na seguinte ligazón:
<https://www.cidadedacultura.gal/gl/info/persoal>

A convocatoria foi aprobada por Resolución da Directora-Xerente do 28 de decembro de 2023 e publicada na web do ente institucional.

Ante as dúbidas xurdidas na interpretación das bases da convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocados mediante o sistema de concurso, e considerando o escrito remitido polo Director xeral de Función Pública, de data 18 de xaneiro de 2023, procédese a modificar as bases publicadas e a corrixir os erros detectados.



Dado que o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos extraordinarios de estabilización iniciouse o 16 de xaneiro, e que as modificacións que se engaden ás bases son de carácter esencial, en aras de garantir a igualdade no acceso e para evitar situacións de indefensión, considérase necesario ampliar o prazo de presentación de instancias ata o día 24 de febreiro (incluído).

Por conseguinte, de conformidade co establecido no Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), polo que se aproba *a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Consellería de Facenda e Administración Pública*, no uso das competencias que lle atribúe a dita Lei 2/2015, do 29 de abril, (en diante LEPG), e sobre a base dos poderes outorgados polo Padroado da Fundación Cidade da Cultura en data 16 de decembro de 2022, a Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia,

DISPÓN:

Único.- Modificar as bases do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, nos seguintes puntos.

Páxina 7. Suprimir o seguinte parágrafo:

“O anexo I sinala aqueles postos nos que, porén da titulación esixida, e atendendo as resolucións xudiciais firmes, poderán acceder igualmente aquel persoal que ocupe ou desempeño postos a estabilizar, para cuxo acceso/cobertura non se esixiu estar en posesión do título correspondente”.



Páxina 10.- Suprimir o seguinte parágrafo:

“b) Sentenza xudicial no que se recoñeza a ocupación con carácter temporal das prazas obxecto da convocatoria, para os supostos previstos no anexo I”

E substituílo por:

“b) Xustificante bancario de ter aboada a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma, así como certificados acreditativos para o goce das exencións ou bonificacións no pagamento da taxa, tal e como figura no anexo IV da presente resolución.”

Anexo I (páxina 31).

As condicións para participar en concurso (titulación), dos seguintes postos, modifícanse do seguinte xeito:

Categoría	Grupo	Condicións para participar en concurso (titulación)	Galego	Quenda discapacitados	Outros requisitos
Coordinador/a Área Visitas/eventos	Grupo I	Licenciado, graduado ou titulación superior en materias relacionadas coa xestión de aloxamentos turísticos, axencia de viaxes e xestión de eventos, guía, información e comercialización turística.	CELGA 4		
Encargado/a estruturas escénicas	Grupo III	Bacharelato, e Formación profesional específica en materia de audiovisuais e espectáculos	CELGA 4		

Anexo II (páxina 34).

Eliminar o seguinte apartado no modelo de solicitude:

- ✘ Copia da sentenza xudicial no que se recoñeza a ocupación con carácter temporal das prazas obxecto da convocatoria, para os supostos previstos no anexo I.

E substituír polo seguinte apartado:



- Xustificante bancario de ter aboada a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma, así como certificados acreditativos para o goce das exencións ou bonificacións no pagamento da taxa, tal e como figura no anexo IV da presente resolución.

Engádesse un Anexo IV en relación coa esixencia e obrigatoriedade das taxas:

Anexo IV. ABOAMENTO DAS TAXAS.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar na modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditalo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.



As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.*
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.*

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.*
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.*

1.3.4 Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento presencial: *deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 731), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.*

Para información do importe das tarifas:

<https://www.atriga.gal/documents/20582092/20624224/Anexo-1-tarifas-2023-es.pdf/c8aa7791-fbee-4936-b582-48343a5eda0b>



Modelo de carga de pago de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia (modelo 731).

<https://ovt.atriga.gal/#!/categoria/?Cidad%c3%a1ns/11609730/4127328>

Códigos a utilizar:

Consellería: Cultura, Formación Profesional e Universidades.

Delegación: Servizos Centrais.

Servizo: Secretaría

Denominación: inscrición nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma. Código 300302.

Segundo.- Publicar dita modificación mediante inserción de anuncio no DOG, na páxina web da Fundación, así como notificar aos interesados no proceso que xa tiveran presentado a súa solicitude, aos efectos de completar ou emendar, se procede, a documentación que corresponda.

Terceiro.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes, ata o día 24 de febreiro de 2023 (incluído).

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o propio órgano convocante no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de



conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Directora-Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Ana Isabel Vázquez Reboredo



TEXTO CORREXIDO. 06.02.2023

(RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2023, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia pola que se modifica a resolución do 28 de decembro de 2023, sobre convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas prazas de persoal laboral referenciadas no anexo do Decreto 79/2022, de 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria das prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia)

Bases que rexerán na selección de persoal, polo sistema de concurso, para a cobertura das prazas identificadas na parte dispositiva (indicadas na resolución do 28 de decembro de 2023), adscritas á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

I.1 O obxecto do proceso selectivo será cubrir as prazas das distintas categoría ou categorías que se especifican nos anexos desta convocatoria correspondentes á oferta de emprego público derivada do Decreto 79/2022, do 25 de maio.

O sistema selectivo será o de concurso.

I.1.1. Nos respectivos anexos especificanse as prazas que poden ser cubertas pola quenda de discapacidade.

Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade non obtén praza, pero a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado ás persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire ás relacións de persoas admitidas e excluídas, aos chamamentos aos exercicios si os houber e á



relación de persoas aprobadas. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas as persoas aspirantes que o superasen, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de praza pola que participasen.

I.1.2 As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos na base I.1.1, opten ás prazas reservadas para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitude. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

As persoas aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas.

I.1.3 De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións ás listaxes provisionais de persoas admitidas.

I.1.4. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores, A Lei 20/2021 do 28 de decembro de 2021, así como a Lei galega de medidas urxentes de redución da temporalidade

I.2 Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) desta convocatoria e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo os seguintes requisitos, excepto para os requisitos de titulación que se estará ao disposto na base I.2.3.



I.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter antes da publicación do anuncio no DOG da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, o título esixido como requisito ou súa equivalencia: A tal efecto, e para o suposto que non se teña acreditado xunto coa solicitude de inscrición, sinalarase polo órgano convocante un prazo de presentación nun momento anterior á confección polo tribunal da listaxe de persoas. As titulacións obtidas despois dese prazo non se terán en conta para a confección da dita proposta de persoas aprobadas.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.



O anexo I das presentes bases establece a titulación esixida.

En cumprimento do artigo 23 da Constitución, en ningún caso se restrinxirá a participación ao persoal laboral indefinido non fixo por sentenza, que estea a ocupar ou tiña ocupado con carácter temporal as prazas obxecto da convocatoria nin se esixirá requisito ningún que supoña restrición á liberdade de acceso ao emprego público.

Neste senso, os postos que se atopen afectados por unha sentenza xudicial que dispoña a súa reclasificación ou dos feitos declarados probados se derive dita necesidade, pero que non teñan adaptadas as relacións ou os cadros de persoal no senso do contido da sentenza, entenderanse convocadas no grupo e categoría que dispoña ben a reclasificación, ou ben os feitos declarados probados por sentenza. Os servizos prestados nelas, deberán ser valorados no grupo e categoría que resulte dos razoamentos da sentenza.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que estean en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

1.2.4. Coñecemento da lingua galega. Débese estar en posesión do título do Celga 4 as categorías asimiladas, segundo anexo I, a grupos 1 e 3; e posesión de título do Celga 3, para as asimiladas ao grupo IV, ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.



I.2.5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

I.2.7. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, na data de publicación da presente convocatoria.

I.2.8. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence a mesma categoría e grupo obxecto desta convocatoria.

I.3 Solicitudes.

As solicitudes presentaranse:

1.- por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>), mediante o servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado e o destinatario será a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. No cadro "Asunto relacionado" do formulario PR004A deberá indicarse *"Att. Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Solicitud para a participación na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021"*.



2.- por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso o/a aspirante deberá notificar o envío da documentación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia mediante correo electrónico: cidade.cultura@xunta.gal no mesmo día da presentación. O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

A solicitude irá acompañada do formulario sinalado como anexo II, recollido ao final do presente documento e que se atopa dispoñible na web cidadedacultura.gal. Coa solicitude indicárase expresamente a praza obxecto de interese da persoa solicitante

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). No caso de persoas solicitantes estranxeiras, co fin de proceder á solicitude e os trámites por medios electrónicos, designarán un representante con sinatura dixital en España. A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto no correo electrónico cidade.cultura@xunta.gal

I.3.2 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día **16 de xaneiro de 2023**.

I.3.3. Comprobación de datos.



Para a tramitación do procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- DNI da persoa solicitante.
- DNI da persoa representante.
- Certificado CELGA ou equivalente, expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Certificado da experiencia profesional na Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario, e achegar os documentos correspondentes. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

I.3.4 As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

- a) Copia de documento xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, do título esixido como requisito ou a súa equivalencia.
- b) Xustificante bancario de ter aboada a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma, así como



certificados acreditativos para o goce das exencións ou bonificacións no pagamento da taxa, tal e como figura no anexo IV da presente resolución.

c) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.

d) Xustificante da condición de persoa con discapacidade

e) Copia do título do Celga 3 ou Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)

f) Naqueles postos sinalados no anexo I (ver "outros requisitos"), certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, tal e como se especifica no amentado Anexo.

g) Relación dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación xustificativa destes. A documentación deberá ir ordenada e numerada segundo a orde en que se citen os méritos. Aqueles méritos non acreditados non serán valorados.

Os méritos alegados deberán referirse a data de publicación do anuncio no DOG da resolución da convocatoria, e deberán presentarse debidamente ordeados, indicando claramente a que apartado de baremación irán destinados.



O procedemento de acreditación de méritos figura no anexo III da presente convocatoria

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma categoría; no caso de presentar varias solicitudes para un mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución cuxo anuncio de exposición será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade e das causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo www.cidadedacultura.org.

Xunto coa resolución anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, no portal web corporativo www.cidadedacultura.org, a listaxe de persoas aspirantes que teñen pendentes de acreditar estar en posesión do Celga requirido.

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou no seu caso para presentar a xustificación de estar en posesión do celga requirido.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia cuxo anuncio de exposición será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo do ente.



Xunto coa resolución anterior, no portal web corporativo publicarase a listaxe de persoas aspirantes que deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega requirida.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Proba de coñecemento da lingua galega.

A dita proba será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao corpo grupo escala ou categoría ao que participa.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga requirido.

Realizarase unha única proba que será común e coincidente para os grupos e categorías de todos os procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da oferta extraordinaria de estabilización de emprego temporal e que establecen como requisito de acceso estar en posesión ou en condicións de obter título do Celga 3 (para as categorías asimiladas a grupo IV) ou Celga 4 (para as categorías asimiladas a grupo I e grupo III)

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.



O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos, de xeito indicativo.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web www.cidadedacultura.org.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio do DOG da resolución pola cal a Dirección Xeral da Función Pública publica as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, ben o Celga 3 ou ben o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).



Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución do tribunal.

I.4.3.3. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022).

I.4.3.4. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

I.4.3.5. O exercicio realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

I.4.3.6. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

I.4.3.7. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame



O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

I.4.3.8. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao na web da Fundación.

I.4.3.9. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicarase no portal web corporativo www.cidadedacultura.org

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio da resolución de exposición na páxina www.cidadedacultura.org, do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións da proba de coñecemento da lingua galega.

I.4.3.10. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, propondrá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a orde que corresponda.

I.4.3.11. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega exercicios, dos criterios de corrección,



valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

III. Proceso selectivo

Fase de concurso

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que acreditaron o nivel de coñecemento da lingua galega requirido ou superaron a proba:

III.1.1) Méritos a valorar

III.1.1.1 a) Experiencia profesional, un máximo de setenta (70) puntos.

a) Experiencia profesional acreditada na Fundación Cidade da Cultura de Galicia, na propia categoría profesional á que se opta, a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas.

b) Experiencia profesional acreditada, en calquera outro ente ou administración pertencente ao sector público, distinta do ente convócate na propia categoría



profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Aos efectos de valorar a experiencia profesional en categorías profesionais noutras administracións distintas do ente, defínense de seguido os grupos-categorías, así como as equivalencias e especialidades para a súa valoración:

Categoría	Grupo/Categoría	Equivalencias
Arquitecto/a	Grupo I/Cat. 4	Arquitectos. Soamente valorarase experiencia acreditada como arquitecto, en postos reservados a esta titulación
Auxiliar Administrativo/a	Grupo IV/Cat 1	Auxiliar administrativo/a; oficial 2º administrativo. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Auxiliar Administrativo/a	Grupo IV/Cat 1	Auxiliar administrativo/a; oficial 2º administrativo. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Auxiliar Producción	Grupo IV/Cat 28	Auxiliar de produción, auxiliar de dirección. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Coordinador/a Área Visitas/eventos	Grupo I/Cat. 4	Titulado superior. Soamente valorarase experiencia acreditada como coordinador e produtor de eventos, ou xefaturas de sección en postos relacionados coa información turística
Encargado/a estruturas escénicas	Grupo III/Cat. 43	Encargado de estruturas escénicas, rexedor escena. Soamente valorarase postos definidos como tales.
Encargado Traballos. Oficina Técnica.	Grupo III/Cat. 6	Responsable de servizos técnicos, encargados de mantemento e conservación de edificios, intendente e encargados de almacén. Soamente valorarse experiencia en postos definidos como tales
Oficial 1º Adm	Grupo III/Cat. 62	Oficial administrativo/a. Oficial 1º administrativo. Secretario/a administrativo. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Oficial 2º Adm	Grupo IV/ Cat. 1	Auxiliar administrativo/a; oficial 2º administrativo. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Oficial 2º Adm. Sec. Dirección	Grupo IV/Cat. 1	Auxiliar administrativo/a; oficial 2º administrativo. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos de secretariado de dirección.
Técnico economista E.S.F.L.	Grupo I/Cat. 4	Economistas ou Técnicos de Administración xeral en rama económica. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales en entidades do sector público sen fins lucrativos
Técnico economista E.S.F.L.	Grupo I/Cat. 4	Economistas ou Técnicos de Administración xeral en rama económica. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales en entidades do sector público sen fins lucrativos
Técnico deseño gráfico	Grupo III/Cat. 34	Especialista de oficios (debuxante). Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnico especialista eventos	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista en eventos. Soamente valorarase experiencia acreditada como técnico/oficial especialista en xestión de eventos, ou en postos definidos como tales.
Técnico patrocinios e relacións externas	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista. Soamente valorarase experiencia acreditada como técnico/oficial especialista en postos definidos como tales, ben relacionados coa captación fondos/patrocinios, e co protocolo/publicidade/ relacións públicas
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista, monitor didáctico, monitor de visitas guiadas, guías turísticos ou similar. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista, monitor didáctico, monitor de visitas guiadas, guías turísticos ou similar. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista, monitor didáctico, monitor de visitas guiadas, guías turísticos ou similar. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales



Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista, monitor didáctico, monitor de visitas guiadas, guías turísticos ou similar. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnico emprendemento	Grupo III/Cat. 6	Técnico/oficial especialista en orientación laboral, emprendemento, técnicos de emprego. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales.
Técnico exposicións	Grupo III/Cat. 15	Experto/a en exposicións. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnico exposicións	Grupo III/Cat. 15	Experto/a en exposicións. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnico exposicións	Grupo III/Cat. 15	Experto/a en exposicións. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales
Técnico xurídico E.S.F.L.	Grupo I/Cat. 4	Asesores xurídicos ou Técnicos de Adm. xeral en rama xurídica. Soamente valorarase experiencia acreditada en postos definidos como tales en entidades do sector público sen fins lucrativos

A forma de acreditación da experiencia laboral noutras administracións distintas do ente, realizarse mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia. A non presentación de ámbolos dous documentos (vida laboral e certificado da Administración Pública de procedencia), suporá a non valoración do mérito alegado. No devandito certificado deberase facer constar a denominación do posto, subgrupo e escala e especialidade ou grupo e categoría, a titulación esixida como requisito para o ingreso na mesma (ou, no seu caso, a resolución xudicial de recoñecemento de persoal laboral indefinido non fixo), o tipo de vínculo (laboral temporal, laboral indefinido non fixo, funcionario interino,...) e réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario,...) e o período de prestación de servizos desempeñado, con indicación da data de inicio e final de cada unha das vinculacións, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).



Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos. ou por 0, 125 puntos segundo corresponda.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

III.1.1.1 b) A experiencia profesional no ente convocante apreciarase de oficio pola mesmo mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal do mesmo.

III.1.1.2) Outros méritos ata un máximo de 30 puntos.

a) **Formación**, un máximo de vinte e cinco (25) puntos

Cursos de formación. Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos impartidos polo INEM; cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia e polos seus entes instrumentais; cursos impartidos, acreditados ou homologados por Universidades, polo Centro de Extensión



Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia (CEIDA) e por Corporacións de dereito público: Colexios Profesionais e Cámaras de Comercio.

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,04 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso. Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP.

En relación coa actividade formativa promovida ou organizada dende a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **e non canalizada a través das institucións anteriormente amentadas**, valorarase a formación en cursos especializados relacionados coas tarefas específicas do posto:

- Cursos e xornadas académicas no eido cultural, organizados e impartidos pola propia Fundación, relacionados coa xestión cultural, de duración igual ou superior a 8 horas lectivas. Neste caso, valorarase con 0,04 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso. A acreditación farase mediante certificación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Cursos e xornadas de entidades privadas, contratadas pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, relacionadas coa contabilidade, fiscalidade ou réxime xurídico das fundacións. Neste caso, valorarase con 0,04 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso. A acreditación farase mediante certificación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia sobre a contratación das actividades formativas a entidades externas, así como certificado de superación do curso emitido pola propia entidade privada.

Adicionalmente, tamén será obxecto de valoración a formación superior sobre a requirida como mínima, así como a específica atendendo as características e tarefas propias de determinados postos, de acordo co seguinte cadro:



Arquitecto/a	Ata 12 puntos	ESTUDOS DE MÁSTER OU CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN RELACIONADOS COA ARQUITECTURA, URBANISMO E COA DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS (4 PUNTOS POR MÁSTER E 2 PUNTOS POR CURSO DE ESPECIALIZACIÓN/POSGRAO)
Auxiliar Administrativo e Of. 2º Administrativo	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR: 2 PUNTOS POR CADA TITULACIÓN DE GRADO MEDIO EN RAMA ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN), 4 PUNTOS POR CADA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR EN RAMA ADMINIST/XESTIÓN, 6 PUNTOS POR DIPLOMATURA OU EQUIVALENTE, 8 PUNTOS POR LICENCIATURA/GRAO.
Oficial 2º Adm-Secretaria Dirección	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR: 2 PUNTOS POR CADA TITULACIÓN DE GRADO MEDIO EN RAMA ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN), 4 PUNTOS POR CADA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR EN RAMA ADMINIST/XESTIÓN, 6 PUNTOS POR DIPLOMATURA OU EQUIVALENTE, 8 PUNTOS POR LICENCIATURA/GRAO. FORMACIÓN ESPECÍFICA EN PROTOCOLO (0,04 PUNTOS POR HORA DE FORMACIÓN) IMPARTIDA E CERTIFICADAS POR ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS, NON VALORADA NOUTROS APARTADOS.
Oficial 1º Administrativo	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR: 4 PUNTOS POR CADA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR EN RAMA ADMINIST/XESTIÓN, 6 PUNTOS POR DIPLOMATURA OU EQUIVALENTE, 8 PUNTOS POR LICENCIATURA/GRAO.
Técnico especialista en servizos educativos e mediación	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR (4 PUNTO POR FORMACIÓN PROFESIONAL TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIA TURÍSTICA, TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN ALOX. TURÍSTICOS OU TÉCNICO SUPERIOR IMAXE/SON), 6 PUNTO POR DIPLOMAT. EN TURISMO, 8 PUNTOS TITULACIÓN UNIVERSITARIA EN Hª DE ARTE ACREDITACIÓN PROFESIONAL PARA SER GUÍA OFICIAL EN GALICIA (6 PUNTOS) OU CERTIFICADO DE APTITUD DE PEDAGÓXICA (6 PUNTOS) ESTUDOS DE MÁSTER OU AVANZADOS EN EDUCACIÓN E MUSEOS, OU HISTORIA DE ARTE (2 PUNTOS POR TITULACIÓN) IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)
Técnico xestión exposicións	Ata 12 puntos	TITULACIÓN UNIVERSITARIA RELACIONADA DIRECTAMENTE COA XESTIÓN DE MUSEOS (HISTORIA DE ARTE E/OU MUSEOLOXÍA, HISTORIA E HUMANIDADES NA ESPECIALIDADE DE PATRIMONIO E XESTIÓN CULTURAL: 6 PUNTOS POR DIPLOMATURA E 8 PUNTOS POR LICENCIATURA/GRAO. ESTUDOS DE MASTER, DE ESPECIALIZACIÓN OU AVANZADOS RELACIONADOS COA XESTIÓN CULTURAL (2 PUNTO POR TITULACIÓN) IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)
Auxiliar de produción	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR (2 PUNTO POR CADA TITULACIÓN DE GRADO MEDIO EN IMAXE E SON), 8 PUNTOS POR FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR EN RAMA IMAXE E SON ESTUDOS DE MASTER, DE ESPECIALIZACIÓN OU AVANZADOS RELACIONADOS COA XESTIÓN CULTURAL (6 PUNTO POR CADA ACREDITACIÓN) IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)
Encargado de estruturas escénicas	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR (4 PUNTOS POR FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR EN RAMA IMAXE E SON) ESTUDOS DE MASTER, DE ESPECIALIZACIÓN OU AVANZADOS RELACIONADOS COA XESTIÓN CULTURAL (6 PUNTO POR CADA ACREDITACIÓN) FORMACIÓN ESPECÍFICA EN PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL E DE EVENTOS, DESEÑO DE ESTRUCTURAS 2D/ED OU DOCENCIA (0,04 PUNTOS POR HORA DE FORMACIÓN), IMPARTIDA E CERTIFICADAS POR ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS, NON VALORADAS NOUTROS APARTADOS. IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)



Coordinador/a Área Visitas-Eventos	Ata 12 puntos	FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN XESTIÓN DE PYMES, TURISMO E HOSTELERÍA E EN PROTOCOLO INSTITUCIONAL (0,04 PUNTOS POR HORA DE FORMACIÓN), NON VALORADOS NOUTROS APARTADOS.
		IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)
Encargado/a traballos Oficina Técnica	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR: ARQUITECTO, GRADUADO OU MÁSTER EN TITULACIÓN QUE HABILITE PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DE ARQUITECTO (8 PUNTOS POR ACREDITACIÓN)
		FORMACIÓN ESPECÍFICA EN FERRAMENTAS INFORMÁTICAS e PRESENTACIÓN GRÁFICA RELACIONADAS COA ARQUITECTURA, URBANISMO E TERRITORIO (0,04 PUNTOS POR HORA DE FORMACIÓN), NON VALORADOS NOUTROS APARTADOS
Técnico especialista en deseño gráfico	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR (4 PUNTOS POR FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRADO SUPERIOR EN MATERIAS RELACIONADAS CON ARTES GRÁFICAS, E 6 PUNTOS POR DIPLOMATURA/TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
		FORMACIÓN ESPECÍFICA EN FERRAMENTAS INFORMÁTICAS RELACIONADAS CO DESEÑO GRÁFICO (0,04 PUNTOS POR HORA DE FORMACIÓN), NON VALORADOS NOUTROS APARTADOS.
		PREMIOS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS OUTORGADOS (2 PUNTOS POR PREMIO), EN MATERIA DE DESEÑO
		IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)
Técnico especialista en patrocinios e relacións externas	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR (4 PUNTOS POR TITULACIÓN EN COMUNICACIÓN INTEGRAL, FORMACIÓN PROFESIONAL TÉCNICO SUPERIOR EN COMERCIO E MARKETING) e 8 PUNTO POR TITULACIÓN UNIVERSITARIA EN PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS
		ESTUDOS DE MÁSTER OU AVANZADOS EN MARKETING/XESTIÓN COMERCIAL OU PROTOCOLO E RELACIÓNS EXTERNAS (2 PUNTOS POR CADA ACREDITACIÓN)
		IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)
Técnico responsable emprendemento	Ata 12 puntos	TITULACIÓN SUPERIOR (4 PUNTOS POR FORMACIÓN PROFESIONAL TÉCNICO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN, EN COMERCIO E MARKETING), e 8 en TITULACIÓN UNIVERSITARIA EN Hª DE ARTE
		ESTUDOS DE MÁSTER OU AVANZADOS EN MARKETING/XESTIÓN COMERCIAL OU XESTIÓN CULTURAL (0,04 PUNTOS POR CADA ACREDITACIÓN), NON VALORADOS NOUTROS APARTADOS.
		IDIOMAS. 1 por acreditación oficial B1, e 2 por acreditación superior (B2,C1 ou C2)

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, agás os impartidos, promovidos ou organizados pola propia Fundación Cidade da Cultura, sempre que, neste último caso, superen as 8 horas de duración
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.



b) **Galego:** ata un máximo cinco (5) puntos.

- Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de 3 puntos.

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 4 puntos.

- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

III.2. Os méritos enumerados nas bases III.1.1 deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG .

Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

III.3 Rematado o prazo de acreditación de méritos, o tribunal ou no seu caso a comisión de selección procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal do ente convocante e publicara a puntuación resultante no DOG.

Contra a baremación, provisional as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal ou comisión de selección, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.



Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal ou comisión de selección , procederá ao anuncio de publicación na paxina web do ente da baremación definitiva da fase de concurso.

III.4. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral fixo.

IV. Tribunal ou comisión de selección indicar

IV.1 O tribunal cualificador ou a comisión de selección do proceso será nomeado por resolución da Directora-Xerente, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.2. As persoas que formen parte do tribunal ou da comisión de selección deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao



funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada ao órgano convocante.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal ou comisión de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal ou da comisión de selección cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

IV.3. A autoridade convocante publicará na praxina www.cidadedacultura.org a resolución correspondente pola que se nomeen os membros integrantes do tribunal ou comisión de selección, así como aquela na que se nomeen ás persoas que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

IV.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes de establecidos os mesmos na presentes bases. Na dita sesión o tribunal ou comisión de selección adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

IV.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal ou comisión de selección requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.



IV.6 O procedemento de actuación do tribunal ou comisión de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

IV.7. Por cada sesión do tribunal ou comisión de selección levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.

IV.8. A Presidencia do tribunal ou comisión de selección adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da proba de galego sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración da dita proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes as que corresponden os resultados obtidos.

IV.9. O tribunal ou comisión de selección poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular do órgano convocante.

IV.10. O tribunal ou comisión de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o



soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal ou comisión de selección tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

IV.11.-O órgano convocante determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá ampliálo baseándose en causas xustificadas, así como as indemnizacións por razóns de servizo segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

IV.12. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base II.2.9.

IV.13. Os acordos adoptados polo tribunal ou comisión de selección do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

IV.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal ou comisión de selección dirixiranse á persoa titular do órgano convocante.

V. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

V.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:



En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria na Administración ou entidade convócate.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da entidade convócate.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

V.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal ou comisión de selección publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución propondrá o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

VI. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o propio órgano convocante no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnalas directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de



conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2022

A Directora-Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Ana Isabel Vázquez Reboredo



ANEXO I

Categoría	Grupo	Condições para participar en concurso (titulación)	Galego	Quenda discapacitados	Outros requisitos
Arquitecto/a	Grupo I	<i>Titulo universitario oficial de Arquitecto/a ou Grao en Arquitectura con máster/posgrado habilitante para o exercicio profesional como arquitecto/a, ou equivalentes.</i>	CELGA 4		
Auxiliar Administrativo	Grupo IV	<i>Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente</i>	CELGA 3	Reserva para persoas con discapacidade	
Auxiliar Administrativo	Grupo IV	<i>Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente</i>	CELGA 3		
Auxiliar Producción	Grupo IV	<i>Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente</i>	CELGA 3		
Coordinador/a Área Visitas/eventos	Grupo I	<i>Licenciado, graduado ou titulación superior en materias relacionadas coa xestión de aloxamentos turísticos, axencia de viaxes e xestión de eventos, guía, información e comercialización turística.</i>	CELGA 4		
Encargado/a estruturas escénicas	Grupo III	<i>Bacharelato, e Formación profesional específica en materia de audiovisuais e espectáculos</i>	CELGA 4		
Encargado Trab. Of.Tec.	Grupo III.	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio en ramas edificación/obra civil ou instalacións/mantemento-</i>	CELGA 4		
Oficial 1º Adm	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio en xestión e administración.</i>	CELGA 4		
Oficial 2º Adm	Grupo IV	<i>Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente</i>	CELGA 3		
Oficial 2ª Adm. Sec. Dirección	Grupo IV	<i>Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente</i>	CELGA 3	Reserva para persoas con discapacidade	
Técnico economista E.S.F.L.	Grupo I	<i>Licenciado/a en Economía ou en Adm/Dirección empresas ou en Ciencias Acturiais e Financeiras ou Ciencias Políticas e da Administración, ou equivalentes, ou dos títulos de grao correspondentes</i>	CELGA 4		
Técnico economista E.S.F.L.	Grupo I	<i>Licenciado/a en Economía ou en Adm/Dirección empresas ou en Ciencias Acturiais e Financeiras ou Ciencias Políticas e da Administración, ou equivalentes, ou dos títulos de grdo correspondentes</i>	CELGA 4		
Técnico deseño gráfico	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio en artes gráficas</i>	CELGA 4		
Técnico especialista eventos	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (asistencia viaxes e xestión eventos)</i>	CELGA 4		



Técnico patrocínios Relacións externas	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (comercio e marketing)</i>	CELGA 4	
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (guía, inform e act. turística)</i>	CELGA 4	(1)
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (guía, inform e act. turística)</i>	CELGA 4	(1)
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (guía, inform e act. turística)</i>	CELGA 4	(1)
Técnicos Serv. Educativos/Mediación	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (guía, inform e act. turística)</i>	CELGA 4	(1)
Técnico emprendemento	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica de grao medio (comercio e marketing).</i>	CELGA 4	
Técnico exposicións	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica (en deseño e montaxe exposicións)</i>	CELGA 4	
Técnico exposicións	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica (en deseño e montaxe exposicións)</i>	CELGA 4	
Técnico exposicións	Grupo III	<i>Bacharelato, Formación profesional específica (en deseño e montaxe exposicións)</i>	CELGA 4	
Técnico xurídico E.S.F.L.	Grupo I	<i>Titulado universitario de grao ou licenciatura en Dereito</i>	CELGA 4	

Outros requisitos:

(1). Certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delincuentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual ou exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos.



ANEXO II

PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

DATOS PERSOAIS

NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
TIPO	NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

PRAZAS ÁS QUE OPTA (marcar)

Categoría	
Arquitecto/a	
Auxiliar Administrativo	
Auxiliar Administrativo (quenda discapacidade)	
Auxiliar Producción	
Coordinador/a Área Visitas/eventos	
Encargado/a estruturas escénicas	
Encargado/a traballos Oficina Técnica	
Oficial 1º Administrativo/a	
Oficial 2º Administrativo/a	
Oficial 2º Administrativo/a-Secretaría de dirección (quenda discapacidade)	
Técnico/a economista experto entidades sen fins lucro	
Técnico/a especialista en deseño gráfico	
Técnico/a especialista eventos	
Técnico/a especialista en patrocinios e relacións externas	
Técnico/a especialista en servizos educativos e mediación	
Técnico/a responsable emprendemento	
Técnico/a xestión exposicións	
Técnico/a xurídico experto/a entidades sen fins lucro	

DECLARACIÓN RESPONSABLE



- ✘ Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que non ten sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou entidade pertencente ao sector público, nin se atopa en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.
- ✘ Que, no caso de presentarse pola cota de reserva de discapacidade, ten recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, na data da publicación da presente convocatoria.

Que en relación coa comprobación de datos que figura na base 1.3.3.

- ✘ Consinte expresamente a súa consulta
- ✘ Oponse expresamente a súa consulta (neste caso, deberá presentar a documentación que figura na base 1.3.3.)

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- ✘ Copia de documento xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, do título esixido como requisito ou a súa equivalencia.
- ✘ Xustificante bancario de ter aboada a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma, así como certificados acreditativos para o goce das exencións ou bonificacións no pagamento da taxa, tal e como figura no anexo IV da presente resolución.
- ✘ No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.
- ✘ Xustificante da condición de persoa con discapacidade
- ✘ Copia do título do Celga 3 ou Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)
- ✘ Naqueles postos sinalados no anexo I (ver "outros requisitos"), certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais, tal e como se especifica no amentado Anexo.
- ✘ Relación dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concuso, xunto con copia da documentación xustificativa destes, ordeada segundo a seguinte clasificación:
MÉRITOS RELACIONADOS COA EXPERIENCIA PROFESIONAL (PUNTO III.1.1.1.)
MÉRITOS RELACIONADOS COA FORMACIÓN (PUNTO III.1.1.2 a)
MÉRITOS RELACIONADOS CO GALEGO (PUNTO III.1.1.2 b)

Lugar e data
Sinatura dixital

Unidade de destino: XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES. **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**



ANEXO III
Acreditación de méritos

Experiencia profesional	<p>A experiencia profesional no órgano convocante apreciarase de oficio.</p> <p>A experiencia profesional noutras administracións públicas acreditarase mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal do centro ou órgano, na cal deberá constar a seguinte información: denominación do posto, subgrupo e escala e especialidade ou grupo e categoría, tipo de vínculo (fixo, temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>As situacións de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, violencia de xénero, violencia sexual ou violencia terrorista acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola unidade competente na que deberán constar as datas de inicio e fin.</p>
Cursos de formación e cursos de galego, así como formación específica relacionada coas tarefas do posto.	<p>Acreditaranse os cursos mediante orixinal ou copia electrónica auténtica do certificado de asistencia e superación do curso, en que deberán constar a denominación do curso, o organismo ou entidade que acreditou a actividade formativa, as datas de realización e o número de horas lectivas. No suposto de cursos impartidos no marco do AFEDAP ou AFCAP deberá constar o logotipo do respectivo acordo.</p> <p>No suposto de titulacións superiores, certificacións académicas ou copias dos títulos correspondentes.</p> <p>En canto a formación organizada ou promovida pola Fundación, estarase ao disposto expresamente nas bases correspondentes.</p> <p>No que atinxe a premios nacionais ou internacionais, certificación expedida pola entidade outorgante do premio.</p>



<p>Documentos electrónicos e autenticación de documentos</p>	<p>Os documentos electrónicos administrativos para ser considerados válidos deberán cumprir as esixencias do artigo 27 da lei 39/2015.</p> <p>As copias en soporte papel de documentos electrónicos deberán conter un código de verificación, que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos de órgano emisor. Un documento electrónico en formato papel que careza dun sistema de verificación terá a consideración de copia simple.</p> <p>As copias que se acheguen dos documentos acreditativos de méritos deberán estar autenticadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por un notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p> <p><i>Todas as referencias contidas nestas bases á exixencia de copia electrónica auténtica dun documento se fan extensivas, nos mesmos termos, á copia electrónica auténtica.</i></p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p>
<p>Tradución de documentos</p>	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España. b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro. c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.



ANEXO IV

ABOAMENTO DAS TAXAS

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditarlo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar na modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditarlo da seguinte forma:

- 1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.
- 2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditarlo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:



Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

I.3.4 Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 731), cubrilo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Para información do importe das tarifas:

<https://www.atriga.gal/documents/20582092/20624224/Anexo-1-tarifas-2023-es.pdf/c8aa7791-fbee-4936-b582-48343a5eda0b>

Modelo de carga de pago de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia (modelo 731).

<https://ovt.atriga.gal/#!/categoria/?Cidad%c3%a1ns/11609730/4127328>

Códigos a utilizar:

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



Consellería: Cultura, Formación Profesional e Universidades.

Delegación: Servizos Centrais.

Servizo: Secretaría

Denominación: inscrición nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma. Código 300302.

